



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 19 DE XANEIRO DE 2018

FAVORABLE.-

LIC/1824/2017.- CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL.- Conceder licenza de obras para reforma de edificación destinada a escola infantil "Santa Susana" sita no Paseo da Alameda.

RECURSO DE REPOSICIÓN.-

LAP/125/2016.- SEMPRE EN GALIZA PROMOCIONES INMOBILIARIAS, S.L.- Inadmitir a trámite o recurso de reposición formulado contra o acordo de concesión de licenza de 08/09/2017, respecto da condición exposta na licenza de que no caso do residencial comunitario de imposibilidade de división e venda dos apartamentos individuais a edificar na rua Sempre en Galiza, 3, por ter transcorrido o prazo máximo para interpor o recurso segundo os artigos 116 e 124.1 da Lei 39/2015.

1.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza de obras para reforma de edificación destinada a escola infantil "Santa Susana" sita no Paseo da Alameda. LIC/1824/2017. Apróbase a proposta.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á inadmisión a trámite do recurso de reposición formulado contra o acordo de concesión de licenza da sesión de 08/09/2017. LAP/125/2016. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa ao inicio da avaliación ambiental da modificación puntual do Plan Parcial do SUNP-22 para a reordenación de volumes no Quinteiro 16. CASTRO DE ABAIXO. Apróbase a proposta.

4.- Proposta de concelleira delegada de Economía, Facenda e Administración relativa ao inicio de trámites para proceder á recepción das obras de mellora e rehabilitación dos pavimentos nos viarios das parroquias de Vilvestro, O Eixo e Aríns (PAS-OBRASSUM/2015). Apróbase a proposta.

5.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á selección da operación "Infraestrutura TIC para Administración Electrónica e Innovación", co fin de ser tramitada a súa aprobación perante a autoridade de Xestión do Programa operativo de Crecemento Sostible. Apróbase a proposta.

6.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos relativa á prórroga do contrato de alugueiro de local para uso sociocultural no barrio de Casas Novas. Acórdase prorrogar o contrato de alugueiro polo prazo dun ano, a contar desde o 20 de xaneiro de 2018 ata o 19 de xaneiro de 2019. O arrendador e o Concello pactan non revisar o prezo mensual do alugueiro, que queda fixado en 514,25 euros.

7.- Aprobación do proxecto modificado das obras de ampliación de medidas correctoras para o estadio de San Lázaro, segundo o estudo integral de patoloxías, fase I e II. Apróbase o proxecto modificado e a súa adxudicación á empresa Construcciones Taboada y Ramos SL,

contratista da obra principal, cun orzamento de 486.853,18 euros, IVE incluído. O prazo de execución do proxecto modificado finaliza o 23 de febreiro, de acordo coa ampliación aprobada na Xunta de Goberno de 17 de novembro de 2018.

8.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre os concellos de Santiago, Oroso, Ordes, Tordoia e Cerceda, e a Deputación da Coruña para o financiamento da redacción/actualización de proxectos da Vía Verde. Dase conta.

9.- Dar conta do decreto da concelleira delegada de Economía e Facenda relativo á prórroga do orzamento municipal do concello de Santiago do exercicio 2017, para 2018. Dase conta.

URXENCIAS

1.- Proposta da concelleira delegada de Centros Cívicos relativa á solicitude de subvención para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico para as bibliotecas de titularidade municipal, integradas na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia. Acórdase solicitar á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria unha subvención de 3.500 euros, para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico, con destino á Biblioteca Pública Municipal José Saramago.